

# PROGRAMACIÓN 5º INFANTIL

C.R.A. DE NARÓN



CURSO 2021-2022

# ÍNDICE

1. CONTEXTUALIZACIÓN
2. LIÑA DE TRABALLO ANUAL: PROXECTOS
- ✓ 3. OBXECTIVOS, CONTIDOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN
4. OBXECTIVOS E CONTIDOS
5. COMPETENCIAS BÁSICAS
6. METODOLOXÍA
7. ATENCIÓN A DIVERSIDADE
8. AVALIACIÓN
9. CRITERIOS DE AVALIACIÓN
10. INCORPORACIÓN DAS TIC NA AULA DE EDUCACIÓN INFANTIL
11. INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS SOBRE A ETAPA DE EDUCACIÓN INFANTIL  
E ALGÚNS ASPECTOS DA PROGRAMACIÓN

## 1. CONTEXTUALIZACIÓN

O **Colexio Rural Agrupado de Narón** está situado no concello de Narón e está formado por catro escolas situadas noutras tantas parroquias: **Domirón, O Val e Sedes**. O contorno é principalmente rural, agás na escola de Domirón.

A maioría das familias están formadas por ámbolos pais e os nenos e nenas da parella e estes viven maioritariamente en casas, se ben hai tamén familias que residen nun piso. O nivel socioeconómico das familias é medio, e nalgúns casos medio-baixo e a lingua predominante no contorno é o castelán.

A escola de **Domirón** é un edificio de planta baixa que conta con tres aulas de Educación Infantil, de 3, 4 e 5 anos.

A escola de **O Val**, está distribuída en dous edificios e 2 módulos, nun escolarízanse os nenos e nenas de Educación Infantil, noutro os nenos e nenas 3º-4º educación primaria e nos módulos o alumnado de 1º e 2º de educación primaria. Neste momento están a funcionar 3 aulas de Educación Infantil.

A escola de **Sedes** é tamén un edificio de dúas plantas no que a aula de Educación Infantil se encontra na planta superior e funciona tamén como aula mixta de 3, 4 e 5 anos.

Tódalas escolas contan con zona de xogos ao aire libre, cunha zona cuberta para adaptarse as necesidades climatolóxicas.

Ademais das instalacións docentes anteriormente mencionadas, o centro conta con outra escola, situada na parroquia de **San Xiao**, que non funciona como tal e que alberga as dependencias administrativas. É un edificio de dúas plantas nas que, ademais de realizarse as funcións administrativas teñen lugar as reunións do profesorado así coma as do Equipo de Infantil, posto que ao tratarse dun CRA e estar o profesorado disperso en diferentes parroquias é imprescindible contar cun lugar común no que poder reunirse.

Neste momento o número total do alumnado de Educación Infantil matriculados no C.R.A. é de 119 alumnos/as, dos cales 36 son de 3 anos, 42 son de 4 anos e 41 son de 5 anos.

A distribución do alumnado nas diferentes escolas é a que se mostra na seguinte táboa:

<b>CURSO 2021-2022</b>	<b>E.I. 3 ANOS</b>	<b>E.I. 4 ANOS</b>	<b>E.I. 5 ANOS</b>
<b>DOMIRÓN</b>	20	23	21
<b>O VAL</b>	12	15	15
<b>SEDES</b>	4	4	5
<b>TOTAL</b>	36	42	41

Teremos en conta a matrícula á hora de realizar a nosa programación e terémolo tamén en conta á hora de realizar as nosas programacións de aula, adaptándoas ás diferentes realidades de cada escola e grupo particular.

## **2.-LIÑA DE TRABALLO ANUAL:**

### **OS NOSOS PROXECTOS:**

#### **XUSTIFICACIÓN, OBXECTIVOS, CONTIDOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

Como todos os anos a nosa mascota Bufiña será a encargada de motivar e introducir as temáticas que plantexamos para este novo curso 2021/22.

As distintas temáticas, estarán divididas en 2 bloques:

- **1 BLOQUE: 1º Trimestre**
  - **A NOSA ESCOLA SEDES, ESTÁ DE ANIVERSARIO:** Neste curso estamos de celebración, a escola de Sedes cumpre o seu centenario. Comezaremos realizaremos un proxecto adicado ao nosos C.R.A. e as súas escolas. Neste trimestre realizaremos actividades variadas para conmemorar o centenario da escola de Sedes.
  - **QUEREMOS SABER:** En cada aula traballaremos un proxecto que parta dos intereses e gustos dos propios nenos e nenas.

- **2 BLOQUE: 2º-3º Trimestre:** As diferentes manifestacións artísticas son fundamentais para o desenvolvemento integral do nen@. Polo que no 2º e 3º trimestre achegaremos o noso alumnado as artes: a música, a poesía e a arte. Partiremos do conto “El Carnaval de los animales” e obras de arte de diferentes autores.
- **A MÚSICA E OS ANIMAIS.**
- **A ARTE E OS ANIMAIS.**

#### Obxectivos:

- Despertar o interese por adquirir coñecementos novos.
- Expresar os sentimentos, desexos e inxerencias polos temas que imos estudar ou queremos traballar.
- Fomentar a observación e investigación.
- Participar na búsqueda de información, tanto por parte dos nenos e nenas como polas familias.
- Achegar ó alumnado á súa realidade máis próxima.
- Descubrir e participar en manifestacións sociais, culturais e artísticas do noso entorno e patrimonio cultural.
- Disfrutar das distintas manifestacións artísticas e culturais: música, arte, poesía...
- Fomentar o sentido crítico e o gusto de aprender a aprender.
- Fomentar habilidades de colaboración, cooperación e traballo en grupo.
- Empregar diferentes linguaxes (oral, escrito, dixital, musical, plástica) para representar aspectos significativos.
- Potenciar a creatividade e a imaxinación do alumnado.
- Adquirir vocabulario relacionado cos nosos proxectos.

#### Contidos:

- Interese por aprender e descubrir novos coñecementos.
- Uso da investigación para descubrir cousas novas e análise das mesmas cun pensamento crítico.

- Interese pola búsqueda de información dos proxectos traballados.
- Aceptación e valoración dos sentimentos, desexos e inquedanzas, que xurdan.
- Formulación de hipótesis, comprobación e extracción de conclusións.
- Utilización de diferentes linguaxes e técnicas para reflectir os coñecementos adquiridos.
- Respetto e interese polo patrimonio cultural.
- Interese e disfrute das distintas manifestacións artísticas.
- Gusto polo traballo colaborativo, cooperativo e grupal.
- Uso do vocabulario básico de cada proxecto.
- Experimentación, imaxinación e creatividade.

#### Criterios de avaliación:

- Amonsa interese pola adquisición de novos coñecementos
- Observa e investiga sobre os novos proxectos.
- Participa nas diferentes fases dos proxectos.
- É capaz de explicar experiencias e coñecementos adquiridos durante o proxecto.
- Representa a través de diferentes soportes os coñecementos aprendidos.
- Emprega vocabulario relacionado co proxecto.
- Traballa en equipo e colaboración.
- Desfruta experimentando coa súa creatividade e a imaxinación.

## **PROXECTO COVID**

Dada á crise sanitaria e social vivida pola COVID-19, dende o ámbito educativo pretendemos contribuír a crear contornos escolares saudables e seguros, a través dunha serie de medidas preventivas, tanto colectivas como individuais, para prever posibles riscos de contaxio.

Neste curso seguiremos promovendo **hábitos de hixiene e autocoidado** para a prevención de posibles contaxios no ámbito educativo. Establecendo pautas e rutinas de hixiene, para a prevención de infeccións no entorno escolar, que extrapolarán ó ámbito familiar e social. Ditos hábitos promoverán a hixiene de mans, uso da máscara, distanciamento interpersoal, hixiene respiratoria (ó tusir ou esbirrar), uso axeitado dos espazos e dos recursos da aula.

Sen esquecer, a necesidade de fomentar **habilidades emocionais** creando entornos positivos para aprender, entender e canalizar as nosas emocións; paliando posibles respostas emocionais negativas derivadas da crise sanitaria como medo, ansiedade ou estrés.

## **SECUENCIA DIDÁCTICA**

Para adaptarnos á nova realidade educativa e integrar ditos hábitos de hixiene e habilidades emocionais elaboramos dita secuencia didáctica, co obxectivo de instaurar ditas medidas dende o comezo de curso e que iremos consolidando ó longo do mesmo.

### Obxectivos:

- Familiarizarse coas medidas hixiénico – sanitarias creando un entorno saudable e seguro.
- Coñecer e respetar as medidas organizativas de seguridade na aula, patios, accesos para prever os riscos de contaxio.
- Fomentar o desenvolvemento progresivo da súa autonomía respectando as medidas de seguridade.
- Descubrir e coñecer ós compañeiros que forman o grupo de convivencia estable e o seu pequeno grupo de xogos.
- Coñecer o titor e o docente de apoio creando vínculos afectivos.
- Fomentar o gusto polo colexio e polas actividades que nel se realizan.
- Expresar emocións, aumentar a confianza e compartir o vivido e sentido.

### Contidos:

- Hixiene de mans: auga, xabón, gel, papel dun só uso.
- Hixiene respiratoria: ó tusir ou esbirrar cubrirse usando o cóbado ou un pano de refugallo.

- Uso da máscara como medida complementaria e recomendable.
- Manipulación dos diferentes materias de aula (funxible, xoguetes, materiais didácticos) respectando as medidas de hixiene.
- Desprazamentos controlados minimizando os contactos.
- Uso de espazos ó aire libre para a realización de actividades educativas.
- Realización de xogos para adaptarse ó grupo, ó espazo e ós horarios.
- Expresión de emocións e axuda para superar as posibles angustias, temores, dúbidas ante a crise sanitaria.
- Medidas organizativas na aula e patio: grupo de convivencia estable, pequenos grupos estables de socialización e xogo.

### Criterios de avaliación

- Familiarízase coas medidas hixiénico – sanitarias creando un entorno saudable e seguro.
- Coñece e respeta as medidas organizativas de seguridade na aula, patios, accesos para prever os riscos de contaxio.
- Fomenta o desenvolvemento progresivo da súa autonomía respectando as medidas de seguridade.
- Descubre e coñece ós compañeiros que forman o grupo de convivencia estable e o seu pequeno grupo de xogos.
- Coñece o titor e o docente de apoio creando vínculos afectivos.
- Fomenta o gusto polo colexio e polas actividades que nel se realizan.
- Expresa emocións, aumentar a confianza e compartir o vivido e sentido.



### **3 .OBJECTIVOS E CONTIDOS**

Neste punto quedan recollidas as diferentes unidades didácticas que levaremos a cabo neste curso. En cada unidade refléxase os diferentes obxectivos que se plantexa para cada unha delas, os contidos traballalos e os criterios de avaliación para valorar se o alumnado adquiriu o que se pretendía. Para a elaboración dos mesmos tívose en conta o PEC e o PCC e en todo caso respectouse o establecido no DECRETO 330/2009 do 4 de xuño polo que se establece o currículo para a etapa de E.I.

**Unidade 1: Aprendemos uns dos outros.**

**Unidade 2: A nube temblorosa.**

**Unidade 3: Coido o meu corpo.**

**Unidade 4: Compartindo xogos.**

**Unidade 5: Imos coñecer a selva.**

**Unidade 6: gústanme os animais.**

**Unidade 7: Por terra, aire e mar.**

**Unidade 8: Eu de maior quero ser.**

**Unidade 9: Xogamos coa auga.**

## **Unidade 1: APRENDEMOS UNS DOS OUTROS**

### **COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL**

#### **Obxectivos**

- Aprender a expresar sentimentos e emocións propios e a respectar os dos demais.
- Identificar as súas posibilidades e limitacións, aceptando e respectando as diferenzas e evitando discriminacións.
- Afianzar as normas de cortesía: presentarse, saudar e despedirse.
- Coñecer e valorar as normas de hixiene e convivencia no colexio.

#### **Contidos**

##### **O corpo e a propia imaxe**

- Sentimentos e emocións: triste, contento, asombrado
- Actitude positiva ante a expresión de sentimentos e emocións

##### **Xogo e movemento**

- Movementos controlados
- Confianza nas súas propias posibilidades de acción

##### **A actividade e a vida cotiá**

- Aceptación e emprego de normas de cortesía: presentarse, saudar e despedirse

##### **O coidado persoal e a saúde**

- Exploración e identificación das características propias e das diferenzas e semellanzas cos outros
- Respecto polas diferenzas, evitando as discriminacións
- Normas de hixiene e convivencia no colexio

## **COÑECEMENTO DO CONTORNO**

### **Obxectivos**

- Identificar e aplicar os números 1, 2, 3 en coleccións de obxectos.
- Utilizar os cuantificadores: ningún.
- Diferenciar as nocións de medida: máis alto, máis baixo.
- Discriminar e realizar figuras planas: círculo, cadrado, triángulo.
- Recoñecer e identificar obxectos segundo a cor: vermello, azul, verde, amarelo.
- Utilizar as nocións espaciais: a un lado, ao outro lado.
- Identificar as dependencias do colexio.
- Recoñecer os recunchos ou zonas diferenciadas da aula e os seus elementos.
- Coñecer as funcións do persoal do centro.
- Identificar diferentes estruturas familiares.
- Valorar ás persoas da terceira idade.

### **Contidos**

#### **Medio físico: elementos, relacións e medidas**

- Uso contextualizado dos números: 1, 2, 3
- Cuantificadores: ningún
- Medidas: máis alto, máis baixo
- Figuras planas: círculo, cadrado, triángulo
- Atributo de cor dos obxectos: vermello, azul, verde, amarelo
- Situacións espaciais: a un lado, a outro lado

#### **Achegamento á natureza**

- Observación e coidado das plantas: recuncho da natureza
- Cultura e vida en sociedade
- Dependencias do colexio. Respecto e coidado das dependencias e dos seus elementos
- Recunchos ou zonas diferenciadas da aula e elementos
- Persoal do centro
- Familia: estruturas familiares
- Día especial: Día internacional das persoas da terceira idade

## LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

### Obxectivos

- Construír de forma adecuada frases en presente, pasado e futuro, ampliando o vocabulario.
- Desenvolver e ampliar o vocabulario relacionado co colexio e coa familia.
- Ler e interpretar frases con pictogramas de accións e tarxetas de vocabulario.
- Desenvolver a coordinación óculo - manual na realización de liñas verticais e horizontais.
- Fomentar o interese por producir mensaxes con liñas cada vez máis precisas.
- Afianzar o interese pola lectura e a escritura.
- Iniciarse no coñecemento dalgunhas propiedades do texto escrito, valorándoo como fonte de información e goce.
- escoitar e comprender contos como fonte de pracer e de aprendizaxe.
- Recoñecer algúns instrumentos tecnolóxicos: o ordenador e os seus periféricos.
- Utilizar diferentes técnicas e materiais plásticos: recortado, resgado, picado, pegado...
- Experimentar nas súas creacións coas cores: vermello, azul, verde e amarelo.
- Interpretar e valorar progresivamente diferentes obras de arte.
- Interpretar cancións seguindo o ritmo e a melodía.
- Participar activamente na audición de obras musicais.
- Discriminar auditivamente: ruído, silencio, canción.
- Representar sentimentos: alegría, enfado, asombro.

### Contidos

#### Linguaxe verbal

- *Uso e valoración progresiva da linguaxe oral*
- Emprego e asimilación progresiva de vocabulario relacionado co colexio e coa familia
- Programa de lectura:
  - Pictogramas: rir/non rir; colorear/non colorear; ler/non ler; picar/non picar
  - Tarxetas de vocabulario: neno, nena, lapis, libro, pizarra, caderno

- Lectura e elaboración de frases con pictogramas de accións e tarxetas de vocabulario
- Interpretación de imaxes describindo as súas características xerais
- Gusto por producir mensaxes con liñas cada vez máis precisas
- escoita e comprensión de contos como fonte de pracer e aprendizaxe:

### **Linguaxe audiovisual**

- Recoñecemento de instrumentos tecnolóxicos: o ordenador e os seus periféricos
- Identificación do escritorio

### **Linguaxe artística**

- Experimentación con diferentes técnicas, elementos e materiais plásticos: recortado, resgado de papel, picado, témperas, ceras...
- Traballo coas cores: vermello, azul, verde e amarelo
- Actitude positiva ante as realizacións plásticas
- Realización dos obradoiros de plástica: *O meu amigo Moli* (Actividade individual) e a *mochila* (Actividade colectiva)
- Obra pictórica
- Ruído, silencio
- Interpretación de cancións explorando as propiedades sonoras da voz e seguindo o ritmo e a melodía
- Audicións

### **Linguaxe corporal**

- Representacións de emocións: alegría, enfado, asombro
- Gusto por mellorar as expresións corporais

## **Unidade 2: A NUBE TEMBLOROSA**

### **COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL**

## **Obxectivos**

- Identificar as diferentes partes do corpo: segmentos e órganos dos sentidos.
- Asociar os órganos dos sentidos coa función que realizan.
- Coordinar e controlar o propio corpo nas actividades de respiración controlada, relaxación e repouso.
- Realizar actividades habituais de forma cada vez máis autónoma.
- Representar personaxes en xogos simbólicos individuais ou colectivos.
- Desenvolver actitudes de axuda e colaboración cos outros.
- Utilizar as prendas adecuadas segundo a climatoloxía, en beneficio da saúde.

## **Contidos**

### **O corpo e a propia imaxe**

- Partes do corpo: segmentos e órganos dos sentidos
- Os sentidos e as súas funcións
- Exploración e identificación das diferentes partes do corpo
- Asociación das sensacións cos órganos a través dos cales se perciben

### **Xogo e movemento**

- Posturas do corpo e movementos: relaxación, respiración controlada, repouso
- Control do propio corpo nas actividades de relaxación, respiración controlada e repouso

### **A actividade e a vida cotiá**

- Respecto polas características diferenciais dos demais
- Autonomía nas actividades habituais
- Aceptación e valoración das propias posibilidades e limitacións

### **O coidado persoal e a saúde**

- Utilización adecuada das prendas de vestir, en beneficio da saúde
- Aceptación das prendas de vestir

## **COÑECEMENTO DO CONTORNO**

### **Obxectivos**

- Identificar e aplicar os números 1, 2, 3 en coleccións de obxectos.

- Descompoñer números ata o 3.
- Recoñecer, diferenciar e utilizar os cuantificadores: grande, mediano, pequeno.
- Utilizar correctamente as nocións temporais: mañá, noite.
- Recoñecer formas rectangulares.
- Recoñecer e identificar obxectos segundo o atributo de cor: violeta, marrón.
- Orientar e situar obxectos no espazo: cara un lado, cara ao outro lado.
- Recoñecer os cambios nos elementos do contorno no outono.
- Clasificar as prendas de vestir segundo a actividade que se realice.
- Coñecer algúns dereitos da infancia.

## **Contidos**

### **Medio físico: elementos, relacións e medidas**

- Descomposición e aplicación dos números 1, 2, 3 en coleccións de obxectos
- Cuantificadores: grande, mediano, pequeno
- Nocións temporais: mañá, noite
- Forma rectangular
- Atributo de cor: violeta, marrón
- Nocións espaciais: cara a un lado, cara ao outro lado
- Clasificación de obxectos segundo o atributo de cor violeta, marrón

### **Achegamento á natureza**

- Identificación das características do outono
- Observar fenómenos do medio natural choiva, sol, nubrado...)
- Interese por descubrir os cambios que se producen na natureza no outono

### **Cultura e vida en sociedade**

- Clasificación e asociación dalgúñas prendas de vestir á climatoloxía e ás actividades
- Interese e esforzo por coidar e ordenar as prendas de vestir
- Día especial: Día dos dereitos da infancia

## **LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN**

## **Obxectivos**

Utilizar a linguaxe oral para relatar contos e interpretar imaxes.

Participar nos diálogos respectando as normas que os rexen: escoitar, esperar quenda.

Desenvolver vocabulario relacionado co corpo, as prendas de vestir e o outono.

Ler e interpretar frases con pictogramas de accións e tarxetas de vocabulario.

Desenvolver a coordinación óculo - manual na realización de liñas en cruz e en aspa.

Fomentar o interese por producir mensaxes con liñas cada vez máis precisas.

Escoitar e comprender algúns textos literarios mostrando actitudes de valoración, goce e interese cara a eles.

Iniciarse nos usos da lectura como instrumento de información.

Ler distintas expresións faciais interpretando o significado.

Interpretar e valorar progresivamente diferentes obras de arte.

Recoñecer instrumentos tecnolóxicos: a cámara dixital.

Representar a figura humana a través do debuxo.

Iniciarse na técnica da maquillaxe: indios.

Identificar e experimentar nas súas creacións coas cores violeta e marrón.

Realizar producións sonoras co corpo: palmas, chifres, pés.

Interpretar cancións seguindo o ritmo e a melodía.

Participar activamente na audición de obras musicais.

Representar emocións con xestos faciais.

## **Contidos**

### **Linguaxe verbal**

- Uso e valoración progresiva da linguaxe oral:
  - Lectura de expresións faciais
  - Normas nos diálogos: esperar quenda, escoitar aos demais
- Utilización dun léxico variado relacionado co corpo, as prendas de vestir e o outono

### **Programa de lectura**

Pictogramas: tocar/non tocar; ulir/non ulir; oír/non oír; mirar/non mirar

Tarxetas de vocabulario: man, ollo, pé, boca, saia, pantalón



- Lectura e elaboración de frases con pictogramas e tarxetas de vocabulario
- Gusto por producir mensaxes con liñas cada vez máis precisas
- escoita e comprensión de contos como fonte de pracer e aprendizaxe:

### **Linguaxe audiovisual**

- Recoñecemento de instrumentos tecnolóxicos: a cámara dixital.

### **Linguaxe artística**

- Experimentación con diferentes técnicas, elementos e materiais plásticos:
  - Debuxo da figura humana
  - Maquillaxes
- Cores: violeta, marrón
- Realización de obradoiros de plástica: a *vincha* (Actividade individual), un *tipi* (Actividade colectiva)
- Obra pictórica
- Cancións e audicións
- Sons corporais: palmas, chifres, pés
- Interpretación de cancións seguindo o ritmo e a melodía

### **Linguaxe corporal**

- Representación de expresións faciais: contento, triste e asombrado
- Actitude positiva ante as representacións

## **Unidade 3: COIDO O MEU CORPO**

### **COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL**

#### **Obxectivos**

Desenvolver hábitos que favorezan a saúde: lavar correctamente os dentes despois de comer.

Controlar os movementos cara adiante e cara atrás.

- Adecuar o seu comportamento ás necesidades dos outros, desenvolvendo actitudes e hábitos de axuda e colaboración.
- Regular a propia conduta en actividades de grupo e lugares públicos: colaboración.

Integrar diferentes alimentos na súa dieta.

Coñecer e comprender a importancia dos hábitos de alimentación saudables.

## **Contidos**

### **O corpo e a propia imaxe**

- Hábitos de coidado do corpo: lavar os dentes
- Gusto por un aspecto persoal coidado

### **Xogo e movemento**

- Movementos: cara adiante, cara atrás.
- Control dos movementos corporais
- Actitude de tranquilidade e cooperación

### **Actividades da vida cotiá**

- Normas de relación e convivencia: ceder quendas, esperar pacientemente, axudar aos máis pequenos
- Regulación da propia conduta en actividades de grupo e lugares públicos

### **O coidado persoal e a saúde**

- Saúde: alimentos e hábitos de alimentación
- Valoración da importancia dunha dieta variada
- Creación de hábitos alimentarios que favoreza a saúde

## **COÑECEMENTO DO CONTORNO**

### **Obxectivos**

- Aplicar os números 1, 2, 3 en coleccións de obxectos.
- Discriminar os ordinais: primeiro, último.
- Utilizar os cuantificadores: igual, diferente.
- Discriminar as nocións de capacidade: cheo, baleiro.
- Identificar o rectángulo e debuxalo.
- Recoñecer obxectos segundo a súa cor: dourado e prateado.
- Diferenciar as sensacións frío e quente.
- Orientarse e situar obxectos: diante, atrás; de fronte, ás costas, de lado.
- Coñecer e identificar os cambios no contorno coa chegada do inverno.

- Discriminar entre as prendas de vestir, elixindo as adecuadas para o inverno.
- Identificar os elementos característicos da rúa.
- Recoñecer diferentes tendas segundo o produto que venden.
- Identificar e clasificar alimentos segundo a súa procedencia.
- Coñecer e respectar as normas de seguridade viaria.
- Recoñecer as festas do contorno: o Nadal.
- Comprender que se festexa o día da Constitución e valoralo.

## **Contidos**

### **Medio físico: elementos, relacións e medidas**

Numeración: 1, 2, 3

Ordinais: primeiro, último

Cuantificadores: igual, diferente

Nocións de capacidade: cheo, baleiro

Figuras planas: rectángulo

Atributo de cor: dourado, pateado

Texturas: frío, tépedo, quente

- Nocións espaciais: cara adiante, cara atrás; de fronte, de costas, de lado

### **Achegamento á natureza**

- Cambios no contorno coa chegada do inverno
- Prendas de vestir para o inverno
- Coidado do contorno

### **Cultura e vida en sociedade**

- Elementos da rúa: tenda, beirarrúa, calzada, paso de peóns, quiosco, fonte...
- Tipos de tendas
- Normas de seguridade viaria
- Alimentos
- Festas do contorno: Nadal
- Día especial: Día da Constitución.

## **LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN**

### **Obxectivos**

- Utilizar a lingua como instrumento de comunicación.

- Elaborar frases con concordancia de xénero e número.
- Ler e interpretar frases con pictogramas de accións e tarxetas de vocabulario.
- Interpretar diferentes portadores de textos: carteis, etiquetas e felicitacións.
- Desenvolver a coordinación óculo - manual na realización de liñas inclinadas continuas e radiais.
- escoitar contos e valoralos como fonte de pracer e aprendizaxe.
- Recoñecer instrumentos tecnolóxicos e aprender os seus usos: procesador de textos e impresora.
- Traballar o resgado e técnicas de decoración.
- Expresar e comunicar sentimentos e desexos a través de diferentes producións plásticas.
- Analizar unha obra pictórica seguindo unha guía.
- Experimentar nas súas creacións coas cores dourada e prateada.
- Acompañar cancións con instrumentos musicais.
- Discriminar sons musicais: longos, curtos; ascendentes, descendentes.
- Aprender e interpretar cancións.
- Representar corporalmente diferentes situacións da vida cotiá.

## **Contidos**

### **Linguaxe verbal**

- Uso e valoración progresiva da linguaxe oral: concordancia nas frases: número e xénero
- Elaboración de frases con concordancia
- Programa de lectura:
  - Pictogramas: comer/non comer; beber/non beber; regalar/non regalar; cruzar a rúa/non cruzar a rúa
  - Tarxetas de vocabulario: leite, pan, leituga, peixe, ovo, semáforo
- Lectura e elaboración de frases con pictogramas de accións e tarxetas de vocabulario
- Portadores de textos: carteis, etiquetas e felicitacións
- Liñas inclinadas continuas e radiais
- Goce coa precisión na realización de liñas
- escoita e comprensión de contos como fonte de pracer e aprendizaxe:

## **Linguaxe audiovisual**

- Emprego de instrumentos tecnolóxicos: procesador de textos, impresora

## **Linguaxe artística**

- Experimentación con diferentes técnicas, elementos e materiais plásticos: picado, recortado, modelado, decorado e as cores dourada e prateada
- Realización de obradoiros de plástica: *Felicitación* (Actividade individual), *Adornos* (Actividade colectiva)
- Obra pictórica
- Acompañamento de cancións sinxelas co triángulo seguindo o ritmo e a melodía
- Interpretación de panxoliñas e audicións
- Discriminación auditiva de sons curtos, longos; ascendentes, descendentes
- Audicións. escoita atenta

## **Linguaxe corporal**

- Representación de situacións da vida cotiá

# **Unidade 4: COMPARTINDO XOGOS**

## **COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL**

### **Obxectivos**

- Identificar as emocións e comunicalas aos demais.
- Coñecer o propio corpo e controlar os seus movementos.
- Participar en distintos xogos: ao aire libre, de mesa, simbólicos.
- Colaborar no xogo cos compañeiros aceptando as normas.
- Progresar na adquisición de hábitos saudables de orde e coidado de obxectos e xoguetes.
- Identificar os riscos nos xogos e aceptar medidas para evitalos.

### **Contidos**

#### **O corpo e a propia imaxe**

- Sentimentos propios e dos demais

## **Xogo e movemento**

- Movementos controlados e coordinados en espazos amplos e reducidos
- Participación nos distintos tipos de xogo: ao aire libre, de mesa, simbólicos
- Confianza nas súas propias posibilidades de movemento e control

## **Actividades da vida cotiá**

- Normas dos xogos
- Colaboración cos seus iguais no xogo e regulación da súa propia conduta
- Coidado dos xoguetes

## **O coidado persoal e a saúde**

- Riscos nos xogos: formas de evitalos
- Valoración axustada dos factores de risco

## **COÑECEMENTO DO CONTORNO**

### **Obxectivos**

- Identificar e aplicar o número 4 en coleccións de obxectos.
- Sumar de forma gráfica.
- Utilizar o cuantificador: tantos como.
- Aplicar adecuadamente as nocións temporais: antes, despois.
- Identificar as liñas rectas e curvas.
- Recoñecer e identificar obxectos segundo o atributo de cor: gama de azuis.
- Recoñecer o atributo de textura: brando, duro.
- Orientar e situar obxectos no espazo: preto, lonxe.
- Recoñecer os cambios que se producen no contorno coa chegada do inverno.
- Diferenciar distintos xogos: ao aire libre, de mesa, simbólicos, e os xoguetes para realizalos.
- Recoñecer xogos e xoguetes doutros contornos.
- Crear xoguetes apropiados para xogos diversos.
- Comprender o concepto de paz e a súa importancia, e valoralo.

### **Contidos**

#### **Medio físico: elementos, relacións e medidas**

- Numeración: 4

- Cuantificadores: tantos como
- Nocións temporais: antes, despois
- Formas: liñas rectas e curvas
- Atributo de cor: gama de azuis
- Atributo de textura: duro, brando
- Nocións espaciais: preto, lonxe

### **Achegamento á natureza**

- Estacións: inverno
- Identificación dos cambios que se producen no contorno
- Curiosidade e interese por observar os cambios da natureza

### **Cultura e vida en sociedade**

- Xogos e xoguetes. Coidado
- Identificación e exploración de diferentes xoguetes segundo o xogo ao que van dirixidos
- Construción de artefactos e xoguetes para a realización de diferentes actividades
- Exploración dos xogos e xoguetes típicos doutros contornos
- Día especial: Día da paz

## **LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN**

### **Obxectivos**

- Utilizar a lingua oral como instrumento de comunicación, representación e goce.
- Desenvolver e ampliar o vocabulario relacionado cos xogos e os xoguetes.
- Ler e interpretar frases con pictogramas de accións e tarxetas de vocabulario.
- Desenvolver a coordinación óculo-manual na realización do trazo semicircular superior e inferior descontinuo e espiral.
- Fomentar o interese por producir mensaxes con liñas cada vez máis precisas.
- Iniciarse nos usos da lectura como instrumento de información.
- escoitar e comprender contos como fonte de pracer e aprendizaxe.
- Recoñecer programas de debuxo e coñecer as súas posibilidades.

- Realizar obras empregando técnicas plásticas coñecidas.
- Experimentar coa gama de azuis.
- Analizar unha obra plástica abstracta a través da observación e o razoamento.
- Aprender e interpretar cancións seguindo o ritmo e a melodía.
- Participar, prestando atención, en audicións musicais.
- Representar breves historias con marionetas.

## **Contidos**

### **Linguaxe verbal**

- Uso e valoración progresiva da linguaxe oral: narración de contos, aprendizaxe de xogos infantís orais
- Utilización dun vocabulario relacionado cos xogos e os xoguetes
- Programa de lectura:
  - Pictogramas: xogar/non xogar; baixar/non baixar; gañar/non gañar; subir/non subir
  - Tarxetas de vocabulario: quebracabezas, tobogán, columbio, cometa, pelota
- Portadores de textos: contos, carteis
- Lectura e elaboración de frases con pictogramas de accións e tarxetas de vocabulario
- Liñas semicirculares superiores e inferiores descontinuos e espirais
- escoita e comprensión de contos como fonte de pracer e aprendizaxe:

### **Linguaxe audiovisual**

- Emprego de instrumentos tecnolóxicos: programas de debuxo

### **Linguaxe artística**

- Aplicación de técnicas plásticas sobre unha obra de arte abstracta
- Cores: gama de azuis
- Realización dos obradoiros de plástica: *Sombreiro chino* (Actividade individual) e *Obra abstracta* (Actividade colectiva)
- Discriminación auditiva: sons que acompañan ao conto
- Obra pictórica



- Audiciones

### **Linguaxe corporal**

- Representación de breves historias con monicreques
- Interese por expresarse con distintos materiais

## **Unidade 5: IMOS COÑECER A SELVA**

### **COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL**

#### **Obxectivos**

- Explorar as posibilidades e limitacións corporais.
- Situarse no espazo e desprazarse correctamente: a un lado, a outro lado; arriba, abaixo; enriba, debaixo; dentro, fóra.
- Coñecer as actividades da vida familiar e colaborar nelas.
- Desenvolver a autonomía para vestirse e espirse, abotoarse e desabotoarse, lavar as mans e a cara sen axuda.

#### **Contidos**

##### **O corpo e a propia imaxe**

- Aceptación e valoración positiva de si mesmo, as súas posibilidades e limitacións

##### **Xogo e movemento**

- Desprazamentos: a un lado/a outro lado, arriba/abaixo, enriba/debaixo, dentro/fóra

##### **Actividades da vida cotiá**

- Actividades da vida familiar: recollida de xoguetes e roupa; poñer e quitar a mesa...
- Colaboración na recollida de xoguetes e roupa, e en poñer e quitar a mesa

##### **O coidado persoal e a saúde**

- Autonomía: vestirse, espirse, abotoarse, desabotoarse, lavar as mans e a cara
- Iniciativa para aprender habilidades novas

### **COÑECEMENTO DO CONTORNO**

#### **Obxectivos**

- Identificar e aplicar o número 5 en coleccións de obxectos.
- Realizar sumas ata cinco.

- Diferenciar e utilizar os cuantificadores: grosso, delgado.
- Coñecer a forma ovalada.
- Recoñecer e identificar obxectos segundo a súa cor: vermello, rosa, laranxa.
- Orientarse e situar os obxectos espacialmente: arredor de.
- Coñecer as características da selva, como contorno natural.
- Identificar diferentes tipos de vivenda segundo o contorno.
- Recoñecer as dependencias da casa e os seus elementos.
- Participar nas festas do folclore popular do contorno próximo.
- Coñecer a festividade do amor e a amizade, e valorala.

## **Contidos**

### **Medio físico: elementos, relacións e medidas**

- Numeración: 5
- Cuantificadores: grosso, delgado
- Formas: óvalo
- Atributo de color: vermello, rosa, laranxa
- Nocións espaciais: arredor de

### **Achegamento á natureza**

- Contornos naturais diversos: a selva, características

### **Cultura e vida en sociedade**

- Vivendas: distintos tipos
- Dependencias da casa e os seus elementos
- Festas do contorno: Entroido

## **LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN**

## **Obxectivos**

- Utilizar e valorar a linguaxe oral para relatar feitos e vivencias persoais, e realizar descrições.
- Desenvolver e ampliar o vocabulario relacionado coa casa.
- Ler e interpretar frases con pictogramas de accións e tarxetas de vocabulario.
- Interpretar o significado de signos.
- Desenvolver a coordinación óculo-manual na realización da liña circular.
- Fomentar o interese por producir mensaxes con liñas cada vez máis precisas.
- Iniciarse nos usos da lectura como instrumento de información.
- escoitar e comprender un conto como fonte de pracer e información.
- Recoñecer instrumentos tecnolóxicos e os seus usos: Internet e buscadores.
- Apreciar a escultura como forma de representación plástica.
- Realizar esculturas con material de refugallo.
- Identificar e experimentar coas cores: vermello, rosa, laranxa.
- Aprender a interpretar e valorar diferentes tipos de obras plásticas.
- Discriminar sons da selva.
- Acompañar ritmicamente melodías e cancións con obxectos da casa.
- escoitar atentamente as audicións e interpretar cancións.
- Representar situacións da vida familiar mediante o xogo simbólico.

## **Contidos**

### **Linguaxe verbal**

- Uso e valoración progresiva da linguaxe oral para relatar vivencias persoais e facer descrições
- Emprego de vocabulario variado relacionado coa casa
- Programa de lectura:
  - Pictogramas: gardar/non gardar; descansar/cansar; varrer/non varrer
  - Tarxetas de vocabulario: culler, garfo, o ferro, lavadora, microondas, coitelo
- Portadores de información: anuncios
- Liñas: circulares
- Interese pola precisión na realización de liñas

- escoita e comprensión de contos como fonte de pracer e aprendizaxe:

### **Linguaxe audiovisual**

- Emprego de instrumentos tecnolóxicos: Internet, buscadores

### **Linguaxe artística**

- Experimentación con técnicas plásticas na realización de esculturas con materiais de refugallo
- Cores: vermello, rosa, laranxa
- Realización de talleres de plástica: *Anteface* (Actividade individual) e a casa (Actividade colectiva)
- Obra pictórica
- Discriminación auditiva: sons da selva
- Acompañamento rítmico de melodías e cancións con obxectos da casa
- Interpretación de cancións
- Audicións. escoita atenta

### **Linguaxe corporal**

- Representación de situacións da vida familiar mediante o xogo simbólico
- Iniciativa na representación de escenas da vida familiar

## **Unidade 6: GÚSTANME OS ANIMAIS**

### **COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL**

#### **Obxectivos**

- Formarse unha imaxe axustada e positiva de si mesmo, identificando as súas posibilidades e limitacións.
- Coordinar e controlar o propio corpo nas actividades que implican movementos globais e segmentarios.
- Valorar a importancia do medio natural, manifestando actitudes de respecto e coidado.
- Recoñecer o beneficio dalgunhas plantas para as persoas.

#### **Contidos**

## **O corpo e a propia imaxe**

- Posibilidades e limitacións propias
- Recoñecemento do avance na precisión de movementos

## **Xogo e movemento**

- Movementos do corpo globais e segmentarios
- Coordinación nas actividades que implican movementos globais e segmentarios

## **A actividade e a vida cotiá**

- Identificación de accións de coidado e respecto cara ao medio natural

## **O coidado persoal e a saúde**

- Beneficios de algunhas plantas para as persoas

## **COÑECEMENTO DO CONTORNO**

### **Obxectivos**

- Identificar e aplicar o número 6 en coleccións de obxectos.
- Situar os ordinais: primeiro, segundo, último.
- Diferenciar e utilizar o cuantificador: igual que.
- Diferenciar os cuantificadores de peso: lixeiro, pesado.
- Utilizar e diferenciar as nocións temporais: onte, hoxe.
- Recoñecer as liñas abertas e pechadas.
- Recoñecer e identificar obxectos segundo o atributo de color: gama de verdes
- Situar obxectos no espazo: dereita.
- Descubrir os cambios nalgún elemento do contorno en primavera.
- Observar as características externas dos animais.
- Clasificar aos animais segundo o medio onde se desenvolven.
- Identificar diferentes tipos de plantas e as súas características externas.
- Coñecer e valorar outras culturas e as súas características.
- Valorar a importancia dos pais.

### **Contidos**

## **Medio físico: elementos, relacións e medidas**

- Numeración: 6
- Ordinais: primeiro, segundo, último
- Cuantificadores: igual que
- Nocións de medida: pesado, lixeiro
- Nocións temporais: onte, hoxe
- Formas: liñas abertas e pechadas
- Atributo de cor: gama de verdes
- Orientación no espazo: dereita

## **Achegamento á natureza**

- Estacións: primavera
- Identificación dos cambios que se producen no contorno coa primavera
- Os animais: características externas
- Medios nos que se desenvolven os animais
- As plantas: flores, froitos, contorno
- Coidado de animais e plantas
- Curiosidade, respecto e coidado cara á natureza

## **Cultura e vida en sociedade**

- Coñecemento doutras culturas

# **LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN**

## **Obxectivos**

- Desenvolver a expresión oral a través de descrições.
- Utilizar adecuadamente a linguaxe oral axustándoa aos diferentes contextos e con concordancia de xénero e número.
- Traballar vocabulario relacionado cos animais e coas plantas.
- Interpretar secuencias de imaxes.
- Iniciarse nos usos sociais da lectura e a escritura, como instrumento de información e goce.
- Diferenciar entre a forma escrita e outras formas de expresión gráfica.
- Ler e interpretar frases con pictogramas de accións e tarxetas de vocabulario.

- Desenvolver a precisión e coordinación óculo-manual na realización do trazo semicircular superior e inferior continuo.
- Recoñecer instrumentos tecnolóxicos como o micrófono e a cámara web.
- Utilizar a técnica plástica do recortado e a *colaxe*.
- Experimentar coa gama de verdes.
- Interpretar cancións seguindo o ritmo e a melodía.
- Reproducir o son dalgúns animais e de diferentes contornos.
- Representar animais.

## **Contidos**

### **Linguaxe verbal**

- Uso e valoración progresiva da linguaxe oral para describir e realizar diálogos empregando correctamente o xénero e o número
- Utilización adecuada do vocabulario relacionado coas plantas e os animais
- Programa de lectura:
  - Pictogramas: plantar/non plantar; regar/non regar; coidar/non coidar; arrastrarse/non arrastrarse
  - Tarxetas de vocabulario: rosa, gato, xirafa, elefante, can, vaca
- Secuencias de imaxes
- Liñas semicirculares superiores e inferiores continuas
- escoita e comprensión de contos como fonte de pracer e aprendizaxe:

### **Linguaxe audiovisual**

- Recoñecemento de instrumentos tecnolóxicos: micrófono, cámara web

### **Linguaxe artística**

- Elaboración dunha *colaxe*
- Experimentación coa gama de verdes
- Realización de talleres de plástica: o *pito* (Actividade individual), *Panal de abellas* (Actividade colectiva)
- Obra pictórica
- Interpretación de cancións seguindo o ritmo e a melodía
- Discriminación auditiva: sons emitidos por algúns animais, sons e ruídos do contorno urbano e natural
- Audicións



## **Linguaxe corporal**

- Imitación e representación de animais

## **Unidade 7: POR TERRA, AIRE E MAR**

### **COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL**

#### **Obxectivos**

- Desenvolver sentimentos de autoestima e autonomía confiando nas súas posibilidades e limitacións.
- Adaptar a postura e os desprazamentos ás características da situación.
- Afianzar a propia lateralidade.
- Adecuar o seu comportamento desenvolvendo actitudes de axuda e colaboración.
- Coñecer medidas para evitar riscos e accidentes.

#### **Contidos**

##### **O corpo e a propia imaxe**

- Confianza nas capacidades propias
- Adaptación da postura e os desprazamentos do corpo ás características das situacións

##### **Xogo e movemento**

- Lateralidade: dereita, esquerda
- Progresivo afianzamento da súa propia lateralidade

##### **Actividades da vida cotiá**

- Normas de relación e convivencia: dar e pedir axuda, aceptar desculpas, pedir as cousas por favor
- Actitude positiva ante as normas de convivencia

##### **O coidado persoal e a saúde**

- Coidado dun mesmo: evitar accidentes
- Actitude de colaboración ante as medidas para evitar accidentes

### **COÑECEMENTO DO CONTORNO**

## **Obxectivos**

- Utilizar a contaxe como estratexia de estimulación e uso dos números cardinais ata o seis.
- Recoñecer e utilizar o signo igual (=) con relación a cantidades.
- Identificar e utilizar os cuantificadores: máis que, menos que, nas coleccións de obxectos.
- Diferenciar os conceptos de medida: ancho, estreito.
- Identificar e realizar figuras planas: ovalo.
- Recoñecer a situación espacial: esquerda.
- Identificar os medios de transporte máis característicos nalgúns contornos.
- Recoñecer as características e servizos dos diferentes medios de transporte.
- Identificar algúns sinais de educación viaria: precaución, prohibido, semáforo.
- Coñecer as características máis xerais dos medios de comunicación: televisión, prensa, radio, correo, teléfono.
- Valorar os libros como fonte de pracer e goce, e aprender a coidalos.

## **Contidos**

### **Medio físico: elementos, relacións e medidas**

- Numeración: 1 ao 6
- Ordinais: primeiro, segundo, último
- Signo igual (=)
- Cuantificadores: máis que, menos que
- Medidas: ancho, estreito
- Figuras planas: óvalo
- Orientación no espazo: esquerda
- Atributo de cor: mesturas

### **Achegamento á natureza**

- Coidado do contorno: medios de transporte non contaminantes
- Observación de fenómenos climatolóxicos

### **Cultura e vida en sociedade**

- Medios de transporte

- Normas de educación viaria
- Medios de comunicación
- Día especial: Día do libro

## **LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN**

### **Obxectivos**

- Utilizar a lingua como instrumento de comunicación, representación e goce.
- Desenvolver e ampliar o vocabulario relacionado cos medios de transporte e comunicación.
- Coñecer a utilidade dalgúns soportes da lingua escrita: prensa.
- Ler e interpretar frases con pictogramas de accións e tarxetas de vocabulario.
- Desenvolver a precisión e coordinación óculo-manual na realización da liña semicircular cara á dereita e cara á esquerda descontinua.
- Fomentar o interese por producir mensaxes con liñas cada vez máis precisas.
- Utilizar fotografías na elaboración de obras plásticas de *colaxe* e interpretalas.
- Iniciarse nos usos da lectura como instrumento de información.
- escoitar e comprender contos como fonte de pracer e aprendizaxe.
- Recoñecer os usos de instrumentos tecnolóxicos: o correo electrónico
- Gozar coas producións plásticas empregando técnicas coñecidas.
- Experimentar coa mestura de cores nas súas obras plásticas.
- Iniciarse en habilidades do pensamento a través da análise de obras pictóricas.
- Interpretar cancións seguindo o ritmo e a melodía.
- Diferenciar e identificar os instrumentos de percusión, corda e vento nunha audición.
- escoitar atentamente audicións.
- Representar medios de comunicación e transporte, acompañados do vestiario adecuado.

### **Contidos**

#### **Linguaxe verbal**

- Uso e valoración progresiva da linguaxe oral para dialogar e contar adiviñas.
- Utilización dun vocabulario variado relacionado cos medios de comunicación e transporte.

- Programa de lectura:
  - Pictogramas: conducir/non conducir; escribir/non escribir; parar/non parar
  - Tarxetas de vocabulario: coche, barco, autobús, avión, teléfono, televisión, xornal
- Lectura e elaboración de frases con pictogramas de accións e tarxetas de vocabulario.
- Portadores de texto: prensa.
- Liñas semicirculares cara á dereita e esquerda descontinuas.
- Escoita e comprensión de contos como fonte de pracer e aprendizaxe.

### **Linguaxe audiovisual**

- Recoñecer instrumentos tecnolóxicos: correo electrónico, escáner.

### **Linguaxe artística**

- Técnicas e materiais plásticos: fotografía, *colaxe*.
- Cores: mesturas.
- Realización dos obradoiros de plástica: o *televisor* (Actividade individual) e o *tren* (Actividade colectiva).
- Obra pictórica.
- Interpretación de cancións seguindo o ritmo e a melodía.
- Discriminación auditiva: instrumentos de corda, vento e percusión.
- Audicións.

### **Linguaxe corporal**

- Escenificación de obxectos acompañados co vestuario adecuado que caracteriza o seu aspecto físico.
- Goce coas escenificacións.

## **Unidade 8: EU DE MAIOR QUERO SER ...**

### **COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL**

#### **Obxectivos**

- Identificar as posibilidades e limitacións do propio corpo desenvolvendo sentimentos de autoestima e autonomía persoal.
- Controlar progresivamente o seu propio corpo nas actividades de coordinación dinámica xeral.
- Resolver pequenos conflitos buscando solucións mediante explicacións e diálogos.
- Tomar conciencia dos riscos que implica empregar algúns instrumentos e empregarlos baixo a supervisión de adultos.

#### **Contidos**

##### **O corpo e a propia imaxe**

- Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa.
- Adquisición de confianza nas súas propias capacidades.

##### **Xogo e movemento**

- Movementos: coordinación progresiva das súas habilidades psicomotrices finas e grosas.
- Control progresivo do seu propio corpo nas actividades de coordinación dinámica xeral.

##### **Actividades da vida cotiá**

- Normas de relación e convivencia: resolución de pequenos conflitos.
- Resolución de pequenos conflitos mediante explicacións e diálogos.
- Valoración da importancia do diálogo na resolución de conflitos.

##### **O coidado persoal e a saúde**

- Coidado dun mesmo: prevención de riscos.
- Utilización adecuada dos instrumentos que implican risco.
- Actitude de precaución ante os obxectos que poden ser perigosos.

### **COÑECEMENTO DO CONTORNO**

## **Obxectivos**

- Identificar e aplicar os números do 1 ao 6 en coleccións de obxectos.
- Iniciarse nas operacións matemáticas de adición.
- Identificar formas esféricas.
- Recoñecer e identificar obxectos segundo o atributo de cor: branco, negro.
- Identificar a situación espacial: entre.
- Coñecer e valorar o medio natural desenvolvendo actitudes de coidado, respecto e responsabilidade na súa conservación.
- Recoñecer e diferenciar profesionais de diversas áreas.
- Relacionar instrumentos propios de cada profesión.
- Identificar as prendas de vestir e complementos segundo a ocupación das persoas.

## **Contidos**

### **Medio físico: elementos, relacións e medidas**

- Recoñecer algúns profesionais e o que utilizan para exercer a súa profesión.
- Numeración: do 1 ao 6.
- Operacións: iniciación á suma.
- Formas esféricas.
- Atributo de color: branco, negro.
- Situación espacial: entre.

### **Achegamento á natureza**

- Curiosidade e respecto por algúns elementos do medio natural.

### **Cultura e vida en sociedade.**

- Profesións: seguridade, consumo, sanidade, artes, ocio e tempo libre
- Instrumentos relacionados coas profesións.
- Prendas de vestir e complementos segundo a ocupación das persoas.
- Recoñecemento e diferenciación dos distintos servizos á comunidade e as profesións relacionadas con eles.

## **LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN**

## **Obxectivos**

- Desenvolver a expresión oral para ler e interpretar imaxes e narrar contos.
- Traballar o vocabulario relacionado coas diferentes profesións e instrumentos profesionais.
- Ler e identificar frases con pictogramas de accións e tarxetas de vocabulario.
- Identificar portadores de textos: cartas.
- Desenvolver a precisión e coordinación óculo-manual na realización do trazo en bucle superior e inferior, descontinuo.
- Fomentar o interese por producir mensaxes con liñas cada vez máis precisas.
- Iniciarse no uso da lectura como fonte de información.
- escoitar e comprender contos como fonte de pracer e aprendizaxe.
- Recoñecer instrumentos tecnolóxicos: gravador e reprodutor de son.
- Aplicar as técnicas plásticas aprendidas na realización de diversas actividades.
- Identificar e explorar nas súas creacións coas cores: branco, negro.
- Analizar unha obra pictórica razoando e formulando cuestións sobre ela.
- Interpretar cancións seguindo o ritmo e a melodía.
- Discriminar sons do contorno.
- Distinguir entre sons longos e curtos.
- escoitar atentamente audicións.
- Representar personaxes e situacións da vida profesional.

## **Contidos**

### **Linguaxe verbal**

- Uso e valoración progresiva da linguaxe oral: narracións.
- Ampliación e utilización dun vocabulario adecuado sobre as profesións e os profesionais.
- Programa de lectura:
  - Pictogramas: curar/non curar; bailar/non bailar; coser/non coser.
  - Tarxetas de vocabulario: policía, chifre, labrador, bombeiro, médico, mangueira, tractor.

- Lectura e elaboración de frases con pictogramas de accións e tarxetas de vocabulario.
- Escoita e comprensión de contos como fonte de pracer e aprendizaxe.

### **Linguaxe audiovisual**

- Recoñecemento de instrumentos tecnolóxicos: gravador e reprodutor de son.

### **Linguaxe artística**

- Cores: branco, negro.
- Realización de obradoiros explorando as diversas posibilidades plásticas e creativas de diferetes materiais, útiles e soportes.
- Sons do contorno.
- Interpretación de cancións seguindo o ritmo e a melodía.
- Discriminación auditiva: sons longos e curtos.
- Cancións e audicións.

### **Linguaxe corporal**

- Representacións: accións e situacións da vida profesional.
- Iniciativa en participar en representacións.



## **Unidade 9: XOGAMOS COA AUGA**

### **COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL**

#### **Obxectivos**

- Mostrar satisfacción ao realizar correctamente as actividades.
- Identificar as súas propias posibilidades e limitacións.
- Realizar de forma cada vez máis autónoma actividades habituais e tarefas sinxelas desenvolvendo estratexias para satisfacer as súas necesidades básicas.
- Progresar na adquisición de hábitos e actitudes relacionados co coidado e a hixiene.
- Utilizar o auga de forma adecuada na hixiene e a alimentación.

#### **Contidos**

##### **O corpo e a propia imaxe**

- Sentimentos: satisfacción.
- Satisfacción polo traballo ben feito.

##### **Xogo e movemento**

- Confianza nas propias posibilidades de acción.

##### **A actividade e a vida cotiá**

- Iniciativa e progresiva autonomía na realización de actividades.

##### **O coidado persoal e a saúde**

- Hixiene e alimentación.
- Uso adecuado da auga para a hixiene e a alimentación.

### **COÑECEMENTO DO CONTORNO**

#### **Obxectivos**

- Ordenar os números do 1 ao 6 de maior a menor, e viceversa.
- Coñecer as cores do arco da vella.
- Recoñecer e utilizar o cuantificador: metade.
- Apreciar as nocións de medida: máis longo, máis curto.

- Diferenciar as nocións de tempo: hoxe, mañá.
- Reproducir as formas e as figuras planas traballadas ao longo do curso.
- Recoñecer simetría nos obxectos.
- Identificar os cambios nos elementos do contorno en verán.
- Recoñecer e valorar a auga coma fonte de vida para os seres vivos.
- Diferenciar distintas formas sociais do tempo: vacacións, días festivos...
- Identificar diferentes tipos de actividades que se poden realizar ao aire libre.
- Comprender a importancia da conservación do medio ambiente.

## **Contidos**

### **Medio físico: elementos, relacións e medidas**

- Orde numérica do 1 ao 6.
- Atributo de cor: arco da vella.
- Cuantificador: metade.
- Medidas: máis longo, máis curto.
- Nocións temporais: hoxe, mañá.
- Formas: repaso de formas coñecidas.
- Simetría.

### **Achegamento á natureza**

- Estacións: verán.
- A auga: fonte de vida e de benestar para os seres vivos.

### **Cultura e vida en sociedade**

- Formas sociais do tempo: vacacións, días festivos...
- Identificación e experimentación de diferentes tipos de actividades que poden realizarse ao aire libre.
- Día especial: Día do medio natural.

## **LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN**

### **Obxectivos**

- Respetar e utilizar de forma adecuada as normas para empezar, terminar e manter unha conversación.

- Ampliar o vocabulario relacionado co verán e as actividades ao aire libre.
- Ler e interpretar frases con pictogramas de accións e tarxetas de vocabulario.
- Recoñecer o significado dos carteis de hoxe e mañá.
- Desenvolver a coordinación óculo-manual na realización de liñas en bucle continuo superior e inferior.
- Fomentar o interese por producir mensaxes con liñas cada vez máis precisas.
- Iniciarse nos usos da lectura como fonte de información.
- escoitar e comprender un conto como fonte de pracer e aprendizaxe.
- Coñecer como se realizan presentacións co programa indicado para isto.
- Desenvolver as técnicas plásticas do picado, recortado, cosido.
- Analizar unha obra de arte razoando e formulando cuestións sobre ela.
- Coñecer músicas de diferentes países.
- Interpretar cancións seguindo ritmo e melodía.
- Participar activamente na audición de obras musicais.
- Interpretar danzas a partir dunha melodía.

## **Contidos**

### **Linguaxe verbal**

- Uso e valoración progresiva da linguaxe oral: normas nos diálogos.
- Utilización dun vocabulario variado relacionado co verán e as actividades de lecer ao aire libre.
- Programa de lectura:
  - Pictogramas: viaxar/non viaxar; saudar/non saudar; cortar/non cortar.
  - Tarxetas de vocabulario: maleta, xeado, montaña, praia, piscina, lúa, estrela.
- Comprensión e construción de frases con pictogramas de accións e tarxetas de vocabulario.
- Carteis: hoxe, mañá.
- Liñas: en bucle superior e inferior continua.
- escoita e comprensión de contos como fonte de pracer e aprendizaxe.

### **Linguaxe audiovisual**

- Recoñecemento de instrumentos tecnolóxicos: programa de presentacións.

### **Linguaxe artística**

- Traballo con técnicas plásticas aprendidas: recortado, picado, cosido.
- Cores: arco da vella.
- Realización de talleres de plástica: *Monicreque hawaiano* (Actividade individual), *O fondo do mar* (Actividade colectiva).
- Obra pictórica.
- Interpretación de cancións.
- Discriminación auditiva: música doutros países.
- Audicións.

### **Linguaxe corporal**

- Danzas e dramatizacións.
- Escenificación de danzas a partir dunha melodía.
- Interese por expresarse co propio corpo.

## **4. COMPETENCIAS BÁSICAS.**

Coa entrada en vigor da LOE, e na súa concreción no D. 330/09, xorde o termo de **competencias básicas** que o alumnado debe desenvolver ó longo do ensino básico. A pesar de que a Educación Infantil non é unha etapa obrigatoria é preciso que ditas competencias se comecen a desenvolver nesta etapa, para que a súa adquisición sexa progresiva interciclos. Para acadar o desenvolvemento integral do individuo, ademais da transmisión de coñecementos, é necesario a adquisición de determinadas competencias básicas que fomenten o *aprender a ser, aprender a coñecer, aprender a facer e aprender a convivir*. A través dos diferentes obxectivos e contidos, antes expostos, traballaremos as **8 competencias básicas**:

- 1. Comunicación lingüística:** empregando o linguaxe como instrumento tanto de comunicación oral e escrita como de aprendizaxe e de regulación de ideas, emocións,...
- 2. Matemática:** habilidade para empregar os números, conceptos e as operacións básicas,...
- 3. Coñecemento e a interacción co mundo físico:** facilitando a comprensión de sucesos.
- 4. Social e cidadá:** capacitando ás persoas para convivir nunha sociedade máis plural, poñéndose no lugar do outro, respectando os valores, crenzas, culturas,... dos outros.
- 5. Tratamento da información e competencia dixital:** promovendo o acceso e selección da información e da comunicación, a transmisión desta en diferentes medios.
- 6. Cultural e artística:** valorando criticamente diferentes manifestacións culturais e artísticas como a música, a arte,... da propia comunidade a doutras como medio de expresión.
- 7. Aprender a aprender:** coñecendo as propias capacidades e carencias, aprender autonomamente,...
- 8. Autonomía e iniciativa persoal:** promove a liberdade, autoestima, seguridade,... facéndose responsable das propias decisións e iniciativas, tanto no ámbito persoal como social.

## **5. METODOLOXÍA**

Tomando como referente que esta programación está destinada aos nenos e nenas de 4 anos os principios metodolóxicos que guían a nosa acción educativa, seguindo as aportacións do noso Deseño Curricular Base, son o principio de consistencia evolutiva, aprendizaxe significativo e actividade autoestructurante os cales teñen como referencia as aportacións de Piaget, Ausubel e Vigotsky.

**O principio de consistencia evolutiva** supón a adecuación dos contidos ó nivel do grupo e ó estadio evolutivo de cada alumno/a. É necesario, polo tanto, partir do desenvolvemento do alumno/a para que a aprendizaxe sexa constructiva.

**O principio de aprendizaxe significativo** determina que o alumno/a sexa capaz de integrar os novos coñecementos cos que xa posúe, para xerar esquemas cada vez máis complexos. Para que a aprendizaxe sexa realmente significativa é necesaria a motivación, sobre todo intrínseca, e que para o alumnado o que aprenda lle resulte funcional.

**E o principio de actividade autoestructurante**, segundo o cal o neno/a aprende a través da interacción que establece co ambiente. Mediante esta actividade o neno/a intervéñ sobre o medio, o modifica e interacciona de forma activa co mesmo.

Unidos a estes tres non esquecemos un importante principio dentro da EI como é a **globalización**, xa que é necesario partir da propia realidade e respectar a forma en que os nenos/as a perciben, é dicir, globalmente. Os nenos/as non viven parcialmente o que lles rodea e, polo tanto, non aprenden os coñecementos de forma illada senón integrando aspectos das diferentes áreas.

No ámbito da metodoloxía consideramos moi importante ter en conta tamén a organización dos espazos e dos tempos.

En relación ó **espazo**, dicir que o estructuramos de modo que respecte as necesidades dos nenos/as e así entendemos que a aula debe cumprir unha serie de requisitos:

O benestar, é dicir, debe ser cómoda, cunha boa iluminación e cunha temperatura agradable para os neno e nenas.

A flexibilidade e funcionalidade, xa que o espazo debe permitir diversas utilizacións e funcións en cada zona para poder aproveitalo ó máximo.

E como non, o ambiente ten que ser seguro, san e que promova hábitos de hixiene, saúde e respecto.

Por todo isto e tendo en conta a crise sanitaria, a **organización** das aulas pretende acadar a maior separación posible entre o alumnado. Para elo, organizáronse por equipos de 5 alumnos máximo. A organización dos recantos varía dunhas aulas a outras en función do espazo e do número de alumnos, pero todas respectan as normas do protocolo COVID.

En canto a organización do **tempo**, dicir que este será flexible e respectará os ritmos naturais e individuais de cada neno e nena.

Partimos dunha concepción do tempo para os afectos e para a construción persoal.

Para os *afectos* xa que os nenos destas idades necesitan verse queridos para sentir que están seguros, esta afectividade na aula recíbena a través de diferentes vías: dos seus compañeiros/as, doutros profesionais (especialista en música, lingua estranxeira, educación física, relixión) e tamén pola miña parte, destacando sobre todo os momentos de chegada e despedida ó centro.

E tempos para a *construción persoal*, xa que a través das interaccións co medio, os iguais, os obxectos e os profesores/as os nenos/as van avanzando no seu desenvolvemento global coma individuos.

Dentro da organización dos tempos concedemos moita importancia ás **rutinas** diarias, é dicir, aqueles momentos que se repiten de maneira continua o longo da xornada escolar, xa que lles proporcionan os nenos/as seguridade e confianza porque lles permiten predicir o que vai a ocorrer a continuación e a súa vez lles axudan a avanzar na asimilación das nocións espazo - temporais.

Ademais destas rutinas o longo da xornada compaxinamos actividades individuais con actividades colectivas ou de grupo, en grupos de 3, 4 e 5 nenos, como establece o protocolo COVID, co fin de que as iniciativas persoais poidan xurdir máis facilmente en determinados momentos, mentres que noutros se potencie a relación. Tamén alternamos actividades que esixen atención coas que se basean na manipulación e no movemento que, como se sabe, facilitan e estimulan a actividade mental.

Polo tanto traballamos cun modelo de ensinanza activa na que o alumnado é o centro do proceso e a nosa intervención pedagóxica responde as necesidades de cada alumno/a co fin de desenvolver o máximo as súas potencialidades.

## **6 . ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

- Modificación dos tempos nas actividades de aprendizaxe, adaptándose ós ritmos individuais de cada alumno/a.
- Adecuación da axuda pedagóxica, valorando os resultados que se vaian obtendo nos procesos de avaliación.
- Adaptación da metodoloxía ás diferentes necesidades do momento.
- Adecuación de cada unha das actividades ás diferenzas individuais do alumnado da aula.

En cada unidade cando sexa necesario, dependendo das necesidades que vaian aparecendo, realizaremos actividades de reforzo e ampliación. De reforzo, que tratan de influír positivamente sobre a estima e concepto de si mesmo do alumnado, a través de situacións diferentes que favorezan o desenvolvemento das capacidades previstas, e actividades de ampliación que permiten a continuación do proceso de construción de novos coñecementos.

## **7 . AVALIACIÓN**



Antes de deseñar os ítems que definan os criterios de avaliación cos que analizamos a seguinte proposta didáctica, deixaremos claro cales son os fins que perseguimos con dita avaliación.

A avaliación é un proceso que ten lugar durante a ensinanza-aprendizaxe e que se caracteriza por:

- Atender ás diferenzas individuais.
- Ser un proceso continuado, progresivo e sistemático xa debemos saber en cada momento do proceso ¿que?, ¿como? e ¿cando? avaliar.
- Ser un medio e non un fin en si mesma. Xa que a súa finalidade é orientar tanto ó alumnado como ó profesorado, a este último sobre determinados aspectos do proceso educativo como: a metodoloxía, recursos, detección de necesidades específicas de apoio educativo... polo tanto a avaliación implica tanto ó alumno/a como ó propio sistema escolar no seu conxunto e a todos os profesionais que interveñen no proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Polo tanto o tipo de avaliación que levamos a cabo é **global, continua e formativa**, tal e como se recolle na Orde do 25 DE XUÑO DE 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

**Global** xa que abarca ós elementos que inciden no proceso de ensinanza-aprendizaxe na súa totalidade e valora de modo xeral o desenvolvemento logrado polos discentes tendendo como referente as capacidades recollidas nos obxectivos xerais, contextualizados a través da programación e das unidades didácticas.

**Continua e formativa**, porque se realiza ó longo de todo o proceso de ensinanza- aprendizaxe, é dicir, levamos a cabo unha avaliación inicial que ten como función determinar a situación e as ideas previas dos alumnos, unha avaliación continua ou procesual que forma parte do mesmo proceso de ensinanza e que por iso ten un carácter especialmente formativo ou reorientador do mesmo, xa que me permite valorar que aspectos están funcionando deficitariamente e como se poden mellorar pero tamén aqueles que resultan positivos e en que grado se poden optimizar aínda máis. Por último unha avaliación final, aplicada ó terminar o proceso, sendo o seu fin ademais da reorientación do mesmo, a de informar e acreditar as aprendizaxes obtidas.

Será necesario polo tanto unha avaliación tanto das aprendizaxes do alumnado coma dos procesos de ensino e da propia práctica docente e de todo aquilo que incide en todo o proceso educativo do alumnado. ( o ambiente do proceso educativo (organización da aula, clima escolar, interacción entre o alumnado e co profesorado), a coordinación entre os diferentes profesionais que inciden no grupo, a regularidade e calidade de relación cos pais e nais, a adecuación da proposta pedagóxica, a proposta metodolóxica...)

A medida que vaiamos poñendo en práctica as diferentes Unidades Didácticas recollemos estes aspectos a avaliar baseándonos sobre todo na observación directa e sistemática.

Ó finalizar cada trimestre recollemos os resultados da avaliación continua a modo de avaliación sumativa, cos resultados de cada unha das unidades didácticas, e ademais realizamos a avaliación final ó rematar o curso.

Resumindo, o dito ata agora, pódese afirmar que os principios da avaliación que perseguimos nesta programación didáctica son os seguintes:

- **Globalidade:** necesidade de avaliar unitariamente o proceso educativo e non provocar unha subdivisión permanente dos seus elementos, senón unha valoración conxunta de todos.
- **Intencionalidade e dirección:** necesidade de vincular a avaliación cos obxectivos formulados no proceso educativo.
- **Continuidade:** necesidade de que a avaliación se insira na actividade educativa dunha maneira permanente, co que estamos sinalando o carácter formativo, é dicir, reorientador do proceso de ensinanza-aprendizaxe.
- **Sistematicidade:** necesidade de avaliar os elementos que conforman un proceso educativo de forma independente.
- **Criterialidade:** xa que a avaliación debe realizarse en base a criterios previamente establecidos. A continuación expoñémolo

## **8. CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

## UNIDADE 1: APRENDEMOS UNS DOS OUTROS

COÑECEMENTO DE SÍ MESMO E AUTONOMÍA PERSONAL	COÑECEMENTO DO CONTORNO	LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN
<p style="text-align: center;">Expresar os sentimentos e emocións propios e respectar os dos demais.</p> <p style="text-align: center;">Afianzar as normas de cortesía: saúdos e despedidas.</p> <p style="text-align: center;">Identificar e aplicar normas de hixiene e convivencia.</p>	<p style="text-align: center;">Recoñecer os números 1, 2, 3, e aplicalos en coleccións de obxectos.</p> <p style="text-align: center;">Empregar correctamente o cuantificador: ningún.</p> <p style="text-align: center;">Distinguir entre máis alto e máis baixo.</p> <p style="text-align: center;">Identificar as figuras planas: círculo, cadrado, triángulo, e debuxalas.</p> <p style="text-align: center;">Clasificar obxectos segundo a súa cor.</p> <p style="text-align: center;">Distinguir entre nocións espaciais: a un lado, ao outro lado.</p> <p style="text-align: center;">Recoñecer as dependencias do colexio e os recunchos ou zonas da aula, os seus elementos e a actividade que se realiza nelas.</p> <p style="text-align: center;">Identificar o persoal do centro e nomear algunhas das súas funcións.</p> <p style="text-align: center;">Recoñecer e valorar positivamente diferentes estruturas familiares.</p> <p style="text-align: center;">Celebrar o día das persoas da terceira idade.</p>	<p style="text-align: center;">Construír de forma adecuada frases en presente, pasado e futuro nos diálogos.</p> <p style="text-align: center;">Utilizar de forma adecuada o vocabulario aprendido.</p> <p style="text-align: center;">Comprender frases con pictogramas de accións e tarxetas de vocabulario.</p> <p style="text-align: center;">Realizar liñas verticais e horizontais.</p> <p style="text-align: center;">Gozar coa escoita de contos e outros textos de tradición cultural.</p> <p style="text-align: center;">Distinguir os periféricos do ordenador e identificar o escritorio.</p> <p style="text-align: center;">Realizar producións plásticas con diferentes técnicas.</p> <p style="text-align: center;">Experimentar coas cores</p> <p style="text-align: center;">Observar e analizar unha obra de arte.</p> <p style="text-align: center;">.</p> <p style="text-align: center;">Discriminar auditivamente: ruído, silencio, canción.</p> <p style="text-align: center;">Participar activamente na audición de obras musicais.</p> <p style="text-align: center;">Representar sentimentos: alegría, enfado, asombro.</p>

## UNIDADE 2: A NUBE TEMBLOROSA

COÑECEMENTO DE SÍ MESMO E AUTONOMÍA PERSONAL	COÑECEMENTO DO CONTORNO	LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN
<p>Identificar as diferentes partes do corpo: cabeza, ollos, brazos, pernas... e órganos dos sentidos.</p> <p>Recoñecer os órganos dos sentidos e relacionalos coa función que realizan.</p> <p>Dar mostra dun control crecente do seu corpo en actividades de respiración e repouso.</p> <p>Realizar actividades habituais de forma cada vez máis autónoma.</p> <p>Axudar e colaborar cos compañeiros.</p> <p>Utilizar as prendas adecuadas segundo a climatoloxía, en beneficio da saúde.</p>	<p>Identificar e aplicar os números 1, 2, 3 a coleccións de obxectos.</p> <p>Utilizar os cuantificadores: grande, mediano, pequeno.</p> <p>Describir accións relacionadas coas secuencias temporais mañá e noite.</p> <p>Identificar obxectos de forma rectangular.</p> <p>Clasificar os obxectos segundo a súa cor.</p> <p>Identificar a direccionalidade dun obxecto: cara a un lado, cara ao outro lado.</p> <p>Recoñecer os cambios no contorno durante o outono.</p> <p>Recoñecer fenómenos como a choiva, o vento, nubrado...</p> <p>Clasificar as prendas de vestir segundo a actividade que se realice.</p> <p>Identificar diferentes prendas de vestir segundo o clima e os costumes do contorno.</p> <p>Celebrar o día dos dereitos da infancia.</p>	<p>Utilizar a linguaxe oral.</p> <p>Participar nos diálogos respectando as normas</p> <p>Traballar o vocabulario relacionado coa unidade didáctica.</p> <p>Gozar coa precisión na realización de liñas en cruz e en aspa.</p> <p>Gozar coa escoita de textos literarios mostrando actitudes de valoración, goce e interese cara a eles.</p> <p>Representar a figura humana a través do debuxo.</p> <p>Iniciarse na técnica da maquillaxe pintando a cara. Identificar e experimentar nas súas creacións coas cores violeta e marrón.</p> <p>Interpretar e valorar progresivamente diferentes obras de arte.</p> <p>Realizar producións sonoras co corpo: palmas, chifres, pés.</p> <p>Interpretar cancións seguindo o ritmo e a melodía.</p> <p>Gozar coa audición de obras musicais.</p> <p>Expresar emocións con xestos faciais.</p>

**UNIDADE 3: COIDO O MEU CORPO**

COÑECEMENTO DE SÍ MESMO E AUTONOMÍA PERSONAL	COÑECEMENTO DO CONTORNO	LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN
<p>Lavar correctamente os dentes despois de comer.</p> <p>Progresar no control dos movementos cara adiante e cara atrás.</p> <p>Poñer en práctica hábitos de axuda e colaboración.</p> <p>Comportarse correctamente en actividades de grupo e en lugares públicos.</p> <p>Comer de forma variada e equilibrada.</p> <p>Valorar os hábitos de alimentación saudables.</p>	<p>Empregar os números ata o 3.</p> <p>Identificar o primeiro e o último nunha situación concreta.</p> <p>Diferenciar entre elementos iguais e diferentes.</p> <p>Recoñecer a diferenza entre cheo e baleiro.</p> <p>Recoñecer obxectos coa forma de rectángulo e saber debuxar a figura.</p> <p>Identificar as cores dourada e prateada e experimentar con elas.</p> <p>Distinguir entre frío e quente.</p> <p>Orientarse e situar obxectos no espazo.</p> <p>Recoñecer os cambios da paisaxe en inverno.</p> <p>Elixir prendas adecuadas para o inverno.</p> <p>Recoñecer os elementos característicos da rúa.</p> <p>Relacionar tendas co produto que venden.</p> <p>Clasificar alimentos segundo a súa procedencia.</p> <p>Respectar as normas de seguridade viaria.</p> <p>Celebrar o día da Constitución.</p>	<p>Comunicarse empregando frases con concordancia de xénero e número.</p> <p>Comprender e ler frases con pictogramas de accións e tarxetas de vocabulario.</p> <p>Interpretar carteis, etiquetas e felicitacións.</p> <p>Realizar liñas inclinadas, continuos e radiais.</p> <p>Gozar coa escoita de contos.</p> <p>Recoñecer os usos do procesador de textos e impresora.</p> <p>Realizar producións plásticas empregando o resgado e técnicas de decoración.</p> <p>Describir unha obra pictórica seguindo unha guía.</p> <p>Empregar instrumentos musicais para acompañar cancións.</p> <p>Distinguir entre sons longos, curtos; ascendentes, descendentes.</p> <p>Gozar coa interpretación de cancións.</p> <p>Participar activamente na audición de cancións.</p> <p>Dramatizar situacións da vida cotiá.</p>

**UNIDADE 4: COMPARTINDO XOGOS**

COÑECEMENTO DE SÍ MESMO E AUTONOMÍA PERSONAL	COÑECEMENTO DO CONTORNO	LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN
<p>Recoñecer as propias emocións e identificar e aceptar as dos demais.</p> <p>Progresar nas posibilidades de acción controlando con máis precisión os movementos.</p> <p>Gozar e participar activamente en xogos de diverso tipo.</p> <p>Aceptar e cumprir as regras dos xogos.</p> <p>Coidar os xoguetes e recollelos despois de empregalos.</p> <p>Evitar riscos nos xogos</p>	<p>Empregar os números ata o catro en contaxes e sumas.</p> <p>Aplicar adecuadamente o cuantificador: tantos como.</p> <p>Distinguir entre as nocións temporais antes e despois.</p> <p>Diferenciar entre liñas rectas e curvas.</p> <p>Recoñecer tons de azul en obxectos do contorno.</p> <p>Identificar e clasificar obxectos brandos e duros.</p> <p>Empregar adecuadamente as nocións espaciais: preto, lonxe</p> <p>Explicar os cambios do contorno en inverno.</p> <p>Distinguir entre tipos de xogos e recoñecer os xoguetes necesarios para realízalos.</p> <p>Valorar xogos e xoguetes doutros contornos.</p> <p>Confeccionar xoguetes.</p> <p>Celebrar o Día de paz.</p>	<p>Realizar narracións de contos curtos.</p> <p>Recitar poemas curtos coa entoación correcta.</p> <p>Empregar o vocabulario aprendido.</p> <p>Comprender e ler frases con pictogramas de accións e tarxetas de vocabulario.</p> <p>Realizar liñas semicirculares superiores e inferiores descontinuos e en espiral.</p> <p>Gozar da lectura e empregala como instrumento de información.</p> <p>Iniciarse na realización de debuxos en programas de debuxo.</p> <p>Compoñer obras plásticas empregando técnicas coñecidas e empregando tons de azuis.</p> <p>Describir unha obra de arte.</p> <p>Traballar os sons dun conto.</p> <p>Participar activamente na interpretación de cancións e nas audicións musicais.</p> <p>Gozar coas representacións de historias con monicreques.</p>

**UNIDADE 5: A CASA NA ÁRBORE**

COÑECEMENTO DE SÍ MESMO E AUTONOMÍA PERSONAL	COÑECEMENTO DO CONTORNO	LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN
<p>Desenvolver as posibilidades do corpo e recoñecer as súas limitacións.</p> <p>Progresar na realización de desprazamentos empregando nocións espaciais coñecidas.</p> <p>Participar activamente nas actividades do fogar e valoralas.</p> <p>Realizar de forma cada vez máis autónoma actividades habituais, con iniciativa e interese.</p>	<p>Empregar os números ata o cinco en contaxes e sumas.</p> <p>Distinguir entre obxectos grosos e delgados.</p> <p>Recoñecer obxectos con forma ovalada.</p> <p>Identificar elementos de cor vermella, rosa e laranxa.</p> <p>Empregar correctamente a noción: arredor de.</p> <p>Recoñecer algunhas características da selva, como contorno natural.</p> <p>Distinguir entre tipos de vivendas.</p> <p>Identificar as dependencias da casa e relacionalas cos seus elementos.</p> <p>Recoñecer algunhas características da festa de Entroido.</p>	<p>Relatar con claridade e coherencia feitos e vivencias persoais, e realizar descricións.</p> <p>Empregar correctamente o vocabulario relacionado coa casa.</p> <p>Comprender e ler frases con pictogramas de accións e tarxetas de vocabulario.</p> <p>Explicar o significado de signos.</p> <p>Realizar liñas circulares.</p> <p>Gozar da lectura como instrumento de información e como fonte de pracer e información.</p> <p>Iniciarse nos usos de internet e buscadores.</p> <p>Empregar técnicas plásticas coñecidas e materiais de refugallo para realizar esculturas.</p> <p>Empregar as cores: vermello, rosa, laranxa.</p> <p>Describir obras plásticas.</p> <p>Distinguir auditivamente entre sons escoitados.</p> <p>Participar activamente nas audicións e a interpretación de cancións.</p> <p>Dramatizar situacións da vida familiar.</p>

## UNIDADE 6: GÚSTANME OS ANIMAIS

COÑECEMENTO DE SÍ MESMO E AUTONOMÍA PERSONAL	COÑECEMENTO DO CONTORNO	LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN
<p>Recoñecer posibilidades e limitacións para construír unha imaxe axustada e positiva dun mesmo.</p> <p>Realizar movementos globais e segmentarios con precisión.</p> <p>Coidar o medio natural e valoralo.</p> <p>Explicar os beneficios dalgunhas plantas para as persoas.</p>	<p>Empregar números ata o seis na contaxe e nas sumas.</p> <p>Ordenar elementos identificando ao primeiro, ao segundo e ao último.</p> <p>Empregar correctamente o cuantificador: igual que.</p> <p>Recoñecer obxectos lixeiros e pesados.</p> <p>Secuenciar temporalmente segundo as nocións: onte, hoxe.</p> <p>Discriminar entre liñas abertas e pechadas.</p> <p>Identificar obxectos segundo a súa cor.</p> <p>Empregar correctamente a noción espacial: dereita.</p> <p>Explicar os cambios do contorno en primavera.</p> <p>Caracterizar a diversos animais.</p> <p>Distinguir aos animais segundo o medio no que viven.</p> <p>Identificar diferentes tipos de plantas e as súas características externas. Establecer relacións favorables con nenos e nenas doutras culturas</p>	<p>Desenvolver a expresión oral a través de descricións.</p> <p>Utilizar adecuadamente a linguaxe oral axustándoa aos diferentes contextos.</p> <p>Empregar correctamente vocabulario relacionado cos animais e as plantas.</p> <p>Interpretar secuencias de imaxes.</p> <p>Diferenciar entre a forma escrita e outras formas de expresión gráfica.</p> <p>Recoñecer instrumentos tecnolóxicos como o micrófono e a cámara web.</p> <p>Comprender e ler frases con pictogramas de accións e tarxetas de vocabulario.</p> <p>Realizar liñas semicirculares superior e inferior continuas.</p> <p>Realizar unha <i>colaxe</i>.</p> <p>Empregar a gama de verdes en producións plásticas.</p> <p>Participar activamente na interpretación de cancións.</p> <p>Imitar a algúns animais e discriminar sons urbanos e rurais. Imitar movementos de animais.</p>

## UNIDADE 7: POR TERRA. AIRE E MAR



COÑECEMENTO DE SÍ MESMO E AUTONOMÍA PERSONAL	COÑECEMENTO DO CONTORNO	LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN
<p>Ter confianza nas súas posibilidades e limitacións.</p> <p>Afianzar a propia lateralidade.</p> <p>Progresar nos hábitos de relación e convivencia.</p> <p>Utilizar adecuadamente as instalacións para evitar accidentes.</p>	<p>Empregar os números cardinais ata o seis en contaxes e sumas.</p> <p>Utilizar o signo igual (=) con relación a cantidades.</p> <p>Empregar os conceptos máis que e menos que nas coleccións de obxectos.</p> <p>Identificar obxectos anchos e estreitos.</p> <p>Recoñecer o óvalo e debuxalo.</p> <p>Identificar a esquerda nunha situación dada.</p> <p>Distinguir entre diferentes medios de transporte.</p> <p>Recoñecer os usos de diversos medios de transporte.</p> <p>Identificar sinais viarios e respectalos.</p> <p>Diferenciar entre distintos medios de comunicación.</p> <p>Celebrar o Día do libro.</p>	<p>Dialogar seguindo as normas dos diálogos.</p> <p>Memorizar e dicir adiviñas.</p> <p>Utilizar adecuadamente o vocabulario aprendido na unidade.</p> <p>Recoñecer prensa e as súas características.</p> <p>Comprender e ler frases con pictogramas de accións e tarxetas de vocabulario.</p> <p>Realizar liñas semicirculares cara á dereita e cara á esquerda descontinuas.</p> <p>Gozar coa escoita de contos e outros textos de tradición oral.</p> <p>Iniciarse no uso do escáner e do correo electrónico.</p> <p>Gozar coa escoita de contos.</p> <p>Gozar coas producións plásticas empregando técnicas coñecidas.</p> <p>Experimentar coa mestura de cores nas súas obras plásticas.</p> <p>Discriminar entre sons de instrumentos de percusión, corda e vento.</p> <p>Participar activamente nas audicións.</p> <p>Realizar dramatizacións con interese e entusiasmo</p>

COÑECEMENTO DE SÍ MESMO E AUTONOMÍA PERSONAL	COÑECEMENTO DO CONTORNO	LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN
<p>Desenvolver seguridade e autoconfianza nas posibilidades do propio corpo.</p> <p>Progresar no control do propio corpo nas actividades de coordinación dinámica xeral.</p> <p>Valorar o diálogo como forma de resolver conflitos.</p> <p>Tomar precaucións ao empregar algúns instrumentos que implican riscos.</p>	<p>Empregar os números do 1 ao 6.</p> <p>Realizar adicións.</p> <p>Identificar obxectos con forma de esfera.</p> <p>Recoñecer obxectos brancos e negros.</p> <p>Situar especialmente obxectos empregando a noción: entre.</p> <p>Respectar e valorar o medio natural.</p> <p>Identificar profesionais da seguridade, o consumo, o ocio, a sanidade.</p> <p>Asociar instrumentos e prendas de vestir cos profesionais que corresponden</p>	<p>Narrar contos.</p> <p>Empregar correctamente o vocabulario aprendido na unidade.</p> <p>Comprender e ler frases con pictogramas de accións e tarxetas de vocabulario..</p> <p>Gozar coa lectura como fonte de información, pracer e aprendizaxe.</p> <p>Iniciarse no uso dun gravador e un reprodutor de son.</p> <p>Realizar distintas actividades empregando técnicas plásticas coñecidas.</p> <p>Empregar as cores branca e negra en producións plásticas.</p> <p>Descibir unha obra pictórica.</p> <p>Gozar coa interpretación de cancións.</p> <p>Identificar sons do contorno.</p> <p>Distinguir entre sons longos e curtos.</p> <p>Participar activamente en audicións.</p> <p>Gozar coas representacións de</p>

**UNIDADE 9: XOGAMOS COA AUGA**

COÑECEMENTO DE SÍ MESMO E AUTONOMÍA PERSONAL	COÑECEMENTO DO CONTORNO	LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN
<p>Sentir satisfacción ante as tarefas realizadas correctamente valorando o esforzo realizado</p> <p>Confiar nas súas posibilidades e aceptar de forma positiva as súas limitacións traballando para melloralas</p> <p>Progresar na realización autónoma de actividades habituais e tarefas sinxelas</p> <p>Poñer en práctica hábitos e actitudes relacionados co coidado e a hixiene</p> <p>Empregar a auga correctamente na hixiene e na alimentación</p>	<p>Compoñer e descompoñer os números do 1 ao 6.</p> <p>Ordenar os números do 1 ao 6 en secuencia ascendente e descendente.</p> <p>Identificar e nomear as cores do arco da vella.</p> <p>Identificar a metade de obxectos e coleccións.</p> <p>Comparar obxectos e clasificalos segundo os conceptos de medida: máis longo, máis curto.</p> <p>Diferenciar accións no tempo mediante a aplicación da noción temporal: hoxe, mañá.</p> <p>Reproducir e identificar formas xeométricas coñecidas.</p> <p>Identificar do eixe de simetría en obxectos.</p> <p>Recoñecer as características do verán.</p> <p>Experimentar e observar as formas de contaminación e malgasto da auga.</p> <p>Diferenciar distintas formas sociais do tempo segundo as actividades que se realizan</p> <p>Recoñecer formas de lecer asociadas ao bo tempo.</p> <p>Celebrar o Día do medio natural.</p>	<p>Dialogar de forma adecuada seguindo as normas.</p> <p>Empregar adecuadamente o vocabulario aprendido na unidade.</p> <p>Comprender, ler e construír frases con pictogramas de accións e tarxetas de vocabulario.</p> <p>Ler carteis.</p> <p>Realizar o trazo en bucle continuo superior e inferior.</p> <p>Afianzar o interese pola lectura e gozar de escoitar contos e outros textos literarios.</p> <p>Gozar vendo presentacións no ordenador.</p> <p>Realizar producións plásticas empregando técnicas aprendidas e as cores do arco da vella.</p> <p>Descibir unha obra de arte.</p> <p>Aprender e interpretar cancións.</p> <p>Recoñecer músicas de diferentes países.</p> <p>Gozar e participar activamente na audición de obras musicais.</p> <p>Gozar de participar en danzas e representacións.</p>

## **9. INCORPORACIÓN DAS TIC NA AULA DE EDUCACIÓN INFANTIL**

Aproveitaremos os recursos e materiais multimedia dos que dispoñemos no centro, como son: ordenadores con conexión a internet, pizarra dixital, cámara dixital, reproductor DVD, páxina web do centro...

Todos estes recursos servirannos para crear e desensolver no noso alumnado a imaxinación, a creatividade como medios de apoio e ampliación dos contidos traballados.

Nos ordenadores e pizarras dixitais das distintas escolas, levaremos a cabo as seguintes experiencias:

- Acceso a páxina web do centro, onde poderán visualizar todas aquelas experiencias que fagamos a nivel de aula e centro.
- Xogos multimedia: “Pipo”, “Leo con Alex”Pingu”, Programa JavaClic...
- Acceso a páxinas web con contidos e xogos educativos adaptados ó alumnado de educación infantil.
- Visualización e audición de contos e cancións.

Ademáis dada a crise sanitaria, de ser preciso por razóns de confinamento, empregariáanse estes medios para continuar coa intervención educativa a distancia a través da páxina web do centro ou da aula virtual. Favorecendo a continuidade do curso escolar, aínda que nestas idades estes medios non poden paliar as necesidades de contacto e interacción directa co alumnado e cos iguais.

Coa cámara dixital faremos fotos daqueles momentos máis significativos do día a día nas aulas así como das saídas ou experiencias positivas a nivel formativo. Despois colgaranse na páxina web do centro e na aula virtual.

## **10. INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS SOBRE A ETAPA DE EDUCACIÓN INFANTIL E ALGÚNS ASPECTOS DA PROGRAMACIÓN**

Dende o equipo de ciclo consideramos moi importante que as familias coñecerán en liñas xerais como están organizadas as programacións en aspectos tan importantes como son os obxectivos, contidos, avaliación, etc.

Na relación e intercambios cas familias, os medios empregados serán: chamadas telefónicas, abalar e páxina web , principalmente.

Adxuntase, a continuación, o tríptico informativo relativo a este aspecto.

## **COLEXIO RURAL AGRUPADO DE NARÓN**



## INFORMACIÓN SOBRE O 2º CICLO DA ETAPA DE EDUCACIÓN INFANTIL

A segunda etapa do ciclo da educación infantil abrangue dende os tres os seis anos. Para dita etapa plantexanse unha serie de **obxectivos** que teñen como finalidade acadar o desenvolvemento integral e armónico dos nenos e nenas tanto no plano físico, motor, emocional, afectivo, social e cognitivo. Polo tanto nesta etapa contribuírase a desenvolver as capacidades e competencias que lle permitan o alumnado:

- a) Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.
- b) Observar e explorar o seu contorno familiar, natural e social.
- c) Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- d) Desenvolver as súas capacidades afectivas.
- e) Relacionarse cos demais e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e de relación social, así como exercitarse na resolución pacífica de conflitos.
- f) Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- g) Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas e achegarse á lectura e escritura como medio de comunicación, información e gozo.
- h) Sentir o xesto, o movemento e o ritmo como recursos para a expresión e a comunicación.
- i) Achegarse, na medida das súas posibilidades, ao uso das tecnoloxías

da información e da comunicación.

Todos estes obxectivos desenvolveranse a través de **contidos** que se organizan en tres áreas de coñecemento:

- Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal.
- Coñecemento do contorno.
- Linguaxes: comunicación e representación.

Estas áreas deben entenderse como ámbitos de actuación, como espazos de aprendizaxes de toda orde: de actitudes, procedementos e conceptos, que contribuirán ao desenvolvemento de nenas e nenos e propiciarán a súa aproximación á interpretación do mundo, outorgándolle significado e facilitando a súa participación activa nel. Dada a amplitude e importancia de cada área cada unha de estas subdividise nunha serie de **bloques de contidos**.

<b>Coñecemento de sí mesmo e autonomía</b>	<b>Coñecemento do contorno</b>	<b>Linguaxes: comunicación e representación</b>
1. O corpo e a propia imaxe	1. Medio físico: elementos, relacións e medidas.	1. Linguaxe verbal
2. Xogo e movemento	2. Aproximación a natureza	2. Linguaxe artístico: plástico, musical, corporal
3. A actividade e vida cotiá	3. Cultura e vida en sociedade	3. Linguaxe audiovisual e tecnoloxías da información e comunicación
4. O coidado persoal e da saúde		

### **A avaliación e os criterios:**

A avaliación é un instrumento regulador, orientador e autocorrector do proceso educativo que se realiza de forma global, continua e formativa coa finalidade de obter información sobre o desenvolvemento dos nenos e nenas, mellorar e reaxustar a

intervención das persoas responsables deste proceso e tomar decisións tanto individuais como colectivas.

Os criterios de avaliación están determinados en cada unha das áreas e quedan recollidas nas programacións do 4º, 5º e 6º nivel de educación infantil.

### **Criterios de cualificación**

Os resultados das avaliacións serán comunicados ás familias ó final de cada trimestre a través dun boletín no que se recollen unha serie de indicadores para valorar o progreso do neno/a. Os criterios de cualificación para esta etapa son: sen dificultade, en proceso ou con dificultade. Os cales representan o grado de consecución dos obxectivos por parte do alumnado.

### **Procedementos de avaliación**

O proceso de avaliación da aprendizaxe do alumnado corresponderalle á persoa que exerze a titoría, a cal recolle a información proporcionada polos outros profesionais que participan no proceso educativo de cada grupo ou dalgún alumno ou alumna en particular.

A valoración do proceso de aprendizaxe exprésase en termos cualitativos, recollendo os progresos efectuados polas nenas e nenos e, se é o caso, as medidas de reforzo e adaptación levadas a cabo.

A observación directa e sistemática, a análise das producións das nenas e dos nenos e as entrevistas coas familias ou titores legais constituirán as principais técnicas e fontes de información do proceso de avaliación



